

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN 3º ESO

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua oral, o cal redonda na presenza dunha maior porcentaxe no valor das táboas de indicadores fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación un 20% a través de táboas de indicadores fronte a un 80% a través de probas escritas

Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

A mala ortografía e a incoherencia expresiva penalizarase en cadansúa proba ata un máximo dun 0,5 (probas orais ou escritas). Porén, isto non supoñerá o suspenso na avaliación final da materia.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado"

Tendo en conta o Decreto , este Departamento considera que o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, avaliarase negativamente. Ata un máximo de 2 puntos en total, tendo presente que poden ser catro probas por avaliación (dúas probas de materia, unha proba de comprensión de lectura e unha posible proba oral)

--- **Cualificación trimestral:**

Faranse dous exames cos contidos específicos de cada trimestre

Realizaranse tres avaliacións ordinarias e unha final.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel, aplicando a ponderación entre elas. Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperación no seu caso), sendo as probas escritas unha parte delas.

Probas escritas específicas: unha como mínimo por avaliación que contarán un: 80%

Traballo diario: tarefas realizadas, traballo voluntario, interese amosado na clase, actitude positiva cara á materia, expresión oral. 10%

A lectura dos libros acordados como obrigatorios e as actividades propostas (ben escritas ou orais): 10%.

De todas formas, o traballo do alumnado realizarase esencialmente na clase.

Os contidos gramaticais poderán ser avaliados ao longo do curso.

A valoración da lectura comprensiva e reflexiva das obras de lectura obrigatoria contéplase no trimestre correspondente.

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

As probas e entregas do curso, tanto de lingua oral como de lingua escrita, poderán recuperarse despois de cada avaliación cunha proba

Aqueles alumnos que ao finalizar o curso teñan suspensa unha avaliación terán unha nova opción a recuperala no exame final de curso de non obter un cinco na media aritmética.

De ter dúas ou máis avaliacións suspensas deberá recuperar a materia nunha proba final.

A avaliación final será o resultado das cualificacións positivas obtidas polo alumnado en cada avaliación ao longo do curso e, no seu caso, das cualificacións obtidas nas partes recuperadas.